molineira trilladora  
trilleich'a cama da palla  
ónd'has de dormir agora  
molineira molineira  
molineira trilladora

Ancares IV,1,152. Jaime 87  
m: 149b

## 148b

Valouta, *Suárbol, Candín*  
Xuño 1980

Moliñeira trilla trilla  
moliñeira trilladora  
trillach'a palla da cama  
i ónd'hemos dormir agora

## 149

Moliñeira trilla trilla  
moliñeira trillarás  
moliñeira 'stás preñada  
moliñeira parirás

Ancares V,1,24. Carme 52  
m: 149c

## 150

Quintenla, *San Ourense, Serra de Outes*  
Febreiro 1980

A muiñeira troula troula  
a muiñeira troulará  
a muiñeira está borracha  
o muiñeiro borracho está

Outes IV,2,226. Beleiro 76  
m: 140e

## 151a

*Suegos, Vicedo*  
Abril 1979

A muiñeira íe media meigha  
e o muiñeiro é meigho enteiro  
e a criada e media ladra  
que non lle deixa da fariña nada

Viveiro IV,1,340. María 68  
m: 145g

## 151b

Outariz, *Santalla, Ribeira de Piquín*  
Agosto 1980

A muiñeira é medio meiga  
i o qu'a toqu' é meigo enteiro  
i o criado ladrón probado  
i o meu fol...  
la la...

Meira VIII,1,319. Hérmenegilda 75  
m: 152

## 151c

Outeiro, *O Incio*  
Marzo 1981

REFRÁN:

Fun ó muíño fun que non iba  
non me vou sin a miña fariña  
fun ó muíño fun que no fora  
non me vou sin a fariña toda

Fun ó muíño da Xesteira  
i a muiñeira media meiga  
fun ó muíño da Xesteira  
i o muiñeiro meigo enteiro  
i a criada 'scomulgada  
i a miña bestia vai baleira

O Incio II,1,173. María 53  
m: 148

## 152a

A Casiña, *Arcos de Fucos, Cuntis*  
Abril 1979

Xa non quero ser muiñeiro  
nin varre-lo tremiñado  
que despois no outro mundo  
toman conta do roubado

A Estrada IV,2,85. Manuela 62  
m: 104b

## 152b

A Casiña, *Arcos de Fucos, Cuntis*  
Marzo 1979

Eu non quero ser muiñeiro  
nin varre-lo tremiñado  
que despois no outro mundo  
toman conta do roubado

A Estrada II,2,343. Pai de Pura  
m: 5b

## 153

*Carnota*  
Xaneiro 1981

/: Carballeira derramada :/  
a dónde vas molinera  
cuando vas a... rama  
ai la...

Outes VII,2,110. Isolina 82  
m: 104g<sup>2</sup>

## 154a

Vilar, *S. Mamede, Carnota*  
Xaneiro 1981

O cura fui ó muíño  
e caíu no tremiñado  
levantai o noso cura  
que vai todo enfariñado  
ai la la...

Outes VI,1,319. Victorina 56, Manuela  
49, Dominga 50  
m: 91

## 154b

Vilar, *Carnota*  
Xaneiro 1981

O cura fui ó muíño  
e caíu no tremiñado  
o acudill'ó noso cura  
que vai todo enfariñado

Outes IX,1,333. María 91  
m: 104n

## 154c

*Carnota*  
Xaneiro 1981

O cura foi ó muíño  
e caeu no tremiñado  
acudí nenas ó cura  
que vai tod'enfariñado

Outes VII,2,12. Isolina 82  
m: 65a<sup>1</sup>

## 155a

*Mazaricos*  
Xaneiro 1979

O cura foi ó muíño  
meteu a cabeza dentro  
trougho a fariña na croa  
para face-lo formento

Mazaricos II,2,140. Veciños  
m: 114

## 155b

*S. Ourense, Serra de Outes*  
Xaneiro 1979

O crego foi ó muíño  
meteu a cabeza dentro  
trouxo fariña na croa  
pra face-lo formento  
ai o le lo

Outes III,1,251<sup>1</sup> Manola 58  
m: 104g<sup>1</sup>

## 156a

*San Martín de Suarna, A Fonsagrada*  
Maio 1980

March'ò cura pró muíño  
co chicado na cabeza  
resvaláronll'as chancrelas  
e caeu de cu na presa

A Fonsagrada III,2,130. Benjamín 66  
m: 94

152a. tremiñado 'caixa ó redor do pé do muíño onde cae a fariña'.

## 156b

Folgueiro, *Suegos, Vicedo*  
Abril 1979

O cura foi ó muíño  
ca fólica 'n la cabeza  
resvaláronll'as chancrelas  
e caeu de cu na presa

Viveiro I,1,350. Esperanza 75

## 156c

*San Martín de Suarna, A Fonsagrada*  
Marzo 1980

O cura foi ó muíño  
e caeu de cu na presa  
acudim' aquí veciños  
quedoum'a caralla presa

A Fonsagrada III,2,135. Benjamín 66  
m: 94

## 157

Xurbal, *Negradas, Vicedo*  
Abril 1979

O crego foi ó muíño  
e caieiu da ponte embaixo  
acudid' ó crego nenas  
que vai polo río abaixo

Viveiro III,2,359. Antonia 60

## 158

Tolda, *Aguada, Carballedo*  
Marzo 1981

O cura foi ó muíño  
foille millor que non fora  
que coa beira da sotana  
varreu a fariña toda

Chantada V,1,393. Sarita 67  
m: 24b

## 159

*Hermisende*  
Febreiro 1981

- 1) Les voy a cantar señores  
/: la canción del entremés :/
- 2) /: lo que pasó a un molinero :/  
/: por ser guapa su mujer :/
- 3) el molinero  
/: sus compras tuvo que hacer :/
- 4) /: ¡al! estaren merendendo :/  
llaman a puerta Isabel
- 5) /: el primer es ausequiar :/  
/: ¡una merienda que hacer :/
- 6) /: señor cura señor cura :/  
/: dónde lo metería a usted :/

156a. **chicado** 'fardelado pequeno de gra ou de fariña'; **chancrelas** 'zocas sen talóns'.

156b. **fólica** 'fole, saco feito da pelella dunha cabra ou dunha ove-lla'.

7) /: méteme nese talego :/  
/: y arrímame a la pared :/

8) pero qué hay nese talego  
arrimado en la pared

9) /: fanega y media de trigo :/  
/: que han traído pa moler :/

10) /: (y) al desatar el talego :/  
/: la corona se le ve :/

11) /: como estaba en calzoncillos :/  
/: no se le vía correr :/

A Mezquita VI,1,181. Josefa 80  
m: 106

*Peneirar*

## 160

Santa Cruz, *Grou, Lobeira*  
Decembro 1980

Peneirei peneirei por un cribo  
fighen un pan de relón coma trigo

Bande II,1,354. Benita 74  
m: 137

## 161a

*Suegos, Vicedo*  
Abril 1979

Toleaches pola peneira  
toleaches por peneirar  
toleaches por ter amores  
e toleas por te casar

Viveiro I, 1,398. Dolores 48  
m: 116a

## 161b

*Meira*  
Xaneiro 1980

Rabeache pola peneira  
rabeache por peneirar  
rabeache por ter amores  
rabeache por te casar

Meira IV, 1,130. Marina 64  
m: adaptación 116a

## 161c

Sadrarín, *San Xorxe, Ribeira de Piquín*  
Xaneiro 1981

E rabeas pola pineira  
e rabeas por pineirar  
e rabeas por ter amores  
e rabeas por te casar

Meira XV, 2,323. Elena 67  
m: adaptación 116a  
(cf. m: 20c)

159. O tema desta cántiga circula no folklore hispánico como con-  
to popular.

160. **relón** 'farelo' (cast. *salvado* ou *afrecho*).

## 161d

A Picota, **Mazaricos**  
Maio 1979

Arrabea pola peneira  
arrabea por peneirar  
arrabea por ter amores  
arrabea por te casar

Mazaricos V, 1,200. María 36  
m: adaptación 116a  
(cf.m: 68c)

## 162

**Suegos, Vicedo**  
Abril 1979

Casadiña de tres días  
viúda de tres semanas  
cuando peneiras o trigo  
dónde botas as arghanas

Viveiro IV, 1,323. Dolores 48  
(cf.m: 59)

**Cocer**

## 163a

Xurbal, **Negradas, Vicedo**  
Abril 1979

Maruxiña Maruxiña  
o teu forno xa coceu  
dám'un bocado de torta  
pola mai que te pareu

Viveiro IV, 1,90. Antonia 60  
m: 70

## 163b

**Chaguazoso, A Mezquita**  
Febreiro 1981

Maruxiña cocedeira  
ío teu forno xa coceu  
dám'un cachiño de bola  
pola mai que che pareu

A Mezquita II, 1,331. Zanajoria 70  
m: 104e

## 163c

Sofán, **Lira, Carnota**  
Xaneiro 1981

Mariquiña da Forneira  
túa nai coseu coseue  
dám'un bocado de bola  
pola nai que che pareue

Outes V, 1, 75. Manuela 86  
m: 71

## 163d

Porto do Asno, **Roade, Sobrado dos Monxes**  
Xaneiro 1980

Mariquiña da Forneira  
túa mai onte coceu  
dáme unha miga de bola  
pola mai que te pareu

Sobrado IV, 2, 202. Mili 58  
m: III 94

## 164a

Ragüelle, **Olveira, Dumbria**  
Decembro 1980

Miña mädriñä é boa  
cando coseu faim'o bolo  
e cand' está enfadada  
báteme ca pá no lombo

Mazaricos VII, 2, 326. Estrela 64  
(cf. m: 68b)

## 164b

Sofán, **Lira, Carnota**  
Xaneiro 1981

Mariquiña da forneira\*  
cando coseu faim'un bolo  
ahora estou enfadada\*\*  
pégname ca pá do forno  
\*do forneiro  
\*\*cando estás encomodada

Outes X, 1,54. Manuela 87  
m: 104 v<sup>3</sup>

## 165

Tolda, **Aguada, Carballedo**  
Marzo 1981

/: As panadeiras de Ceia  
as do refaixo marelo:/  
/: onde pineiran o trigo  
elí deixan o farelo :/

Chantada V, 2,172. Sarita 67  
m: 99

## 166

A Picota, **Mazaricos**  
Maio 1979

A Juliña ha de cocere  
a Juliña ha de cocere  
dime ti miña Juliña  
ónde telo ben querere

Mazaricos V, 1,126. Manuela 76  
m: 102

## 167

Agar, **Beba, Mazaricos**  
Maio 1979

Dónde véis Carmiña  
veño de cocer  
non seas mintireira  
que veño de aprender

Mazaricos V, 1, 426. Campelán 85  
m: 60c

## 168

Outeiro, **A Veiga, Celanova**  
Marzo 1981

Yo te quisiera querer  
hija de una panadera  
yo te quisiera querer  
y tu madre no me deja  
ai la la...

Bande VII, 1,173. Unha veciña  
m: 104bb

169

Rosende, *Tameiga, Petelos*  
Xaneiro 1981

Os señores panadeiros  
saben moita picardía  
que lle mezclan ár fariñas  
catro mil puñaterías

Rías Baixas V, 1,435.  
Avelina 85  
m: 115c

170

*San Martín de Suarna, A Fonsagrada*  
Maio 1980

O cura e maila criada  
terminaron de cocer  
tiñan a leña no monte  
i a fornada por moer

A Fonsagrada III, 2, 123. Benjamín 66  
m: 94

171a

Vilares, *Piquín, Ribeira de Piquín*  
Maio 1980

Ay que panadera  
ay que panaderilla  
'l alma me lleva

aquella panadera  
me debe un bollo  
por no verle la cara  
se lo perdono

ay que panadera  
ay que panaderilla  
el alma me lleva

tiene la panadera  
tres condiciones  
embustera y borracha  
y amiga de hombres

ay que panadera  
ay que panderilla  
'l alma me lleva

A Fonsagrada II, 2,165. Florencio 65  
m: 166

171b

*San Martín de Suarna, A Fonsagrada*  
Maio 1980

A la entrada de Oviedo  
y a la salida  
hay una panadera  
mucho me mira  
aquella panadera  
tiene tres nombres  
panadera borracha  
y amiga de hombres  
ay que panadera  
aquella panadera  
mucho me mira

A Fonsagrada III, 1,302. Benjamín 66  
m: adaptación 166  
(cf. m: 34)*Fuliada*

172a

Pereira, *Corvelle, Bande*  
Xaneiro 1981

Eu hei d'ir ó fiadeiro  
non levo fuso nin roca  
vou pra toca-lo pandeiro  
qu'esta noite a mí me toca

Bande IV, 2,158. Felisa 49  
m: 72c

172b

*Laracha*  
Febreiro 1980

Anque vou ó fiadeiro  
non vou por fia-la roca  
vou por toca-lo pandeiro  
ai qu'esta nuite a min me toca

Ponteceso I, 1,105. Francisco 39  
m: 121b

173

*Leirado, Salvaterra*  
Novembro 1980

Fun ó serán a Leirado  
dei volta por Tortoreíos  
se non foran os cariños  
non se daban os paseíos

Baixo Miño I, 2,332. Pilar 70  
m: 96b

174

*Leirado, Salvaterra*  
Novembro 1980

Eí veñen eí veñen  
eí veñen eí van  
as mozas d'aquí  
que van ó serán  
que van ó serán  
que van ó serán  
eí veñen eí veñen  
eí veñen eí van

Baixo Miño I, 2, 465. Pilar 70  
(cf. m: 60a<sup>3</sup>)

175

Vilanova, *Tortoreos, As Neves*  
Novembro 1980

Vinde mozos vinde mozos  
ó serán das poucas mozas  
han de vos da-las castañas  
anque non comades outras

Baixo Miño I, 1,146. Generosa 80  
m: 120

173. serán 'fiadeiro'.

176

Xunqueira de Espadanedo  
Decembro 1980

Por eiquí vai o camiño  
por eiquí vai o carreiro  
por eiquí vai o camiño  
pó curral do fiadeiro  
ai la la la la...

Castro Caldelas II, 2,76. rapaz 18  
m: 163

177

Escourido, Covás, Viveiro  
Xuño 1981

Esta noite fun á rolda  
ca miña variña branca  
o que ghasito de zapatos  
heino d'aforrar de manta

Viveiro VII, 1, 348. Asunción 84  
m: 115a

178a

Cerdelelo, Laza  
Marzo 1981

Esta noite hai unha fía  
tamén hai unha espadela  
bótam'ó caldo mi madre  
que esta noite quero ir a ela

Campobecerras III, 2, 350. Modesta 55  
m: 121a

178b

Laracha  
Febreiro 1980

Ista noit'hai unha fía  
tamén hai unh'espadela  
bótem'ó caldo mi madre  
ai qu'eu tamén quero ir a ela

Ponteceso I, 1, 91. Francisco 39  
m: 121b

179

Pereiro, Corvelle, Bande  
Xaneiro 1981

Os mociños de Cador  
védelos acolá vén  
[que] veñen ó fiadeiro  
noite si noite tamén

Bande IV, 2, 178. un veciño

180

Bande  
Xaneiro 1981

/: Si soupera que viñades  
esta noit'ó fiadeiro :/  
/: mandaba varre-las calles  
cun ramiño de loureiro :/

Bande III, 1,96. Cándido 58  
m: adaptación 72

181

San Vicente de Agrade, Chantada  
Novembro 1980

Eu quedei de vir e viñen  
ai meniñas ó fiadeiro  
eu quedei de vir e viñen  
ai eu non son farandoleiro

Chantada I, 2, 281. Concha 69  
m: 24a

182a

Santa Cruz, Grou, Lobeira  
Decembro 1980

Á porta do fiadeiro  
hai unha pedra redonda  
donde se sentan os mozos  
cuando veñen de la ronda

Bande II, 1, 260. Jesusa 68, Benita 74  
m: 63

182b

Sordos, Bande  
Xaneiro 1981

Na festa do fiadeiro  
hai unha pedra redonda  
pra se sentaren los mozos  
cuando vienen de la ronda

Bande III, 1, 273. Guillermina 72  
m: 75

182c

Gomariz, Loña do Monte, Esgos  
Decembro 1980

A la entrada deste pueblo  
/: hay una mesa redonda :/  
donde se sentan los mozos  
/: cuando vienen de la ronda: /

Castro Caldelas IV, 1, 244. Dúas veciñas  
m: 15c

182d

As Carreiras, Parada de Ventosa, Muíños  
Decembro 1980

En el medio deste pueblo  
hay una piedra redonda  
para se senta-los mozos  
cuando vienen de la ronda

Bande II, 1, 339. Maruxa 45  
m: 104s

182e

Vilar, San Mamede, Carnota  
Xaneiro 1981

En el medio de la mar  
hay una piedra redonda  
donde se sienta mi novio  
cuando viene de la ronda

Outes VI, 2, 300. Victorina 56,  
Manuela 49, Dominga 50  
m: 91

182f

*Baiñas, Vimianzo*  
Novembro 1980

No pueblo de Domeanso  
hai unhã pedrã furadã  
prã se sentaren oh mosos  
cando vén de fuliada

Mazaricos VII, 2, 64. Francisco 81  
m: adaptase 104g

182g

*Salto das Conchas, Grou, Lobeira*  
Decembro 1980

Ia la entrada diste pueblo  
hai unha pedra cuadrada  
ionde se sentan as mozas  
a rañar á condanada

Bande II, 1, 402. Isidro 50  
m: 104s

183

*Sarreaus, Bande*  
Xaneiro 1981

Iã porta do fiadeiro  
hai unha tranca no chao  
donde s'arriman os mozos  
cuando a moza dá a mao  
ai la la...

Bande IV, 2, 231. Amalia 65.  
m: 72

184

*Pereiro, Corvelle, Bande*  
Xaneiro 1981

Á porta do fiadeiro  
hai unha tranca no chao  
onde se sentan os mozos  
rañando no chirimbao

Bande IV, 1, 411 Felisa 49  
m: 72c

185

*Leirado, Salvaterra*  
Novembro 1980

/: Á porta deste serán  
hai un buraco no chan :/  
as mozas que caien\* nel  
ó reino de Dios non van  
\*caian

Baixo Miño I, 2, 340. Pilar 70  
m: 96b

182g, 184. *rañar* 'rascar, fregar'. (*Condanada e chirimbao* son eufemismos referidos ó sexo de muller e de home respectivamente).

184. *chirimbao*. Literalmente, o mesmo que chirimbolo 'utensilio'.

186

*Santa Cruz, Grou, Lobeira*  
Decembro 1980

Á porta do fiadeiro  
hai unha tranca no chao  
Maruxiña caíu nela  
i o Antonio deull'a mao

Bande II, 1, 257. Jesusa 68, Benita 74  
m: 63

187

*Leirado, Salvaterra*  
Novembro 1980

Á porta deste serán  
cheir'à ruda que recende  
é ia ghraciña de Dios  
que polo mundo se estende

Baixo Miño I, 2, 348. Pilar 70  
m: 96b

188

*Barca, Leirado, Salvaterra*  
Novembro 1980

/: Sei dun niño da carriza  
á porta deste serán :/  
/: i ar mozas danme co niño  
todas co niño me dan :/

Baixo Miño III, 1, 156. Pepe 74  
m: 96a

189

*Leirado, Salvaterra*  
Novembro 1980

/: Á porta deste serán  
tén que haber apartamento :/  
/: os casados van pra fóra  
os solteiros van pa dentro :/

Baixo Miño II, 1, 154. Pilar 70  
m: 96b

190

*Sarreaus, Bande*  
Xaneiro 1981

Á porta do fiadeiro  
hai unha lagarta morta  
que a matou o meu mozo  
cando pasou pola porta

Bande IV, 2, 413. Amalia 65  
m: 72d

191a

*Fontenlo, Codeseda, A Estrada*  
Febreiro 1981

Esta noite fun ó muíño  
nin muín nin muínei  
perdín a trenza do pelo  
eso foi o que ghanei

A Estrada VI, 1, 407. Manuel 91

## 191b

*Bazar, Sta. Comba*  
Febreiro 1980

Fun ó muíño a Braña  
nin muín nin muiñei  
perdín a cinta do pelo  
eso fui o que ganeie

Santa Comba I, 1, 335. Pastor 58  
m: 104aa

## 191c

Ragielle, *Olveira, Dumbria*  
Decembro 1980

Fun ó muíño esta noite  
non moín nin moiñei  
perdín a cinta do pelo  
ese foi o qu'eu ghanei

Mazaricos VIII, 1, 330. Estrela 64  
m: 103 b<sup>2</sup>

## 191d

O Arroio, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Esta noite fun ó muíño  
nin muín nin muiñeie  
deiteime ca muiñeira\*  
eso foi o qu'eu ghaneie  
\*cunha nena

Ordes VII, 2, 32. María 48  
m: 72e

## 192a

*Maroxo, Arzúa*  
Maio 1979

Esta noite hei de ir ó muíño  
cun fato de nenas novas  
elas todas en camisa  
eu no medio en cirolas

Arzúa I, 1, 213. Suso 72  
m: 66b

## 192b

Porto do Asno, *Roade, Sobrado dos Monxes*  
Xaneiro 1980

Fun unha noit'ó muíño  
cun fato de nenas novas  
todas elas en camisa  
i eu no medio en cirolas

Sobrado, IV, 2, 351. Mercedes 58  
m: 104g<sup>1</sup>

## 192c

Esgueba, *Roade, Sobrado dos Monxes*  
Xaneiro 1980

Fun unha noit'ó muíño  
cun fato de nenas novas  
elas todas en camisa  
i eu no medio en cirolas

Sobrado I, 2, 280. Flérida 55  
m: 160

## 192d

Barro, *Petelos, Mos*  
Xaneiro 1981

/: Esta noite fun ó muíño :/  
cun fato de mozas novas  
elas todas en camisa  
/: eu no medio en cirolas :/  
ai la la...

Rías Baixas V, 1, 151. José 73  
m: 118

## 192e

*Sabrexo, As Cruces*  
Abril 1980

Unha noite fun ó muíño  
cun fato de nenas novas  
elas todas en camisa  
e eu no medio en cirolas

As Cruces I, 1, 12. Presentación 78  
m: 74a

## 192f

O Arroio, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Unha noite fun ó muíño  
cun fato de nenas novas  
/: elas todas en camisa  
e eu no medio en cirolas :/

Ordes VII, 1, 40. María 48  
m: 72e

## 192g

O Arroio, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Unha noite fun ó muíño  
cun fato de nenas novas  
elas todas en camisa  
e eu no medio en cirolas

Ordes IX, 1, 252. Carmelita 52  
m: 104g<sup>7</sup>

## 192h

A Painza, *Numide, Tordoia*  
Decembro 1979

Unha noite fun ó muíño  
cun fato de nenas novas  
elas todas en camisa  
e eu no medio en cirolas

Ordes II, 2, 106. Jesusa 48  
m: 73

## 192i

Soutelo, *San Xorxe, Ribeira de Piquín*  
Agosto 1980

Unha noite no muíño  
un bando de nenas novas  
todas postas en camisa  
i eu no medio en zaragolas

Meira X, 1, 415. Elena 72  
m: 151

## 193a

O Arroio, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Esta noite fun ó muíño  
nunca ó muíño fora  
a cadela de Martiño  
comeum'a fariña toda  
ai la...

Ordes IX, 1, 248. Carmelita 52  
m: 104g7

## 193b

A Paínza, *Numide, Tordoia*  
Decembro 1979

Esta noite fun ó muíño  
nunca che eu ó muíño fora  
a cadela de Mariño  
roéum'unha perna toda

Ordes II, 2, 102. Jesusa 48  
m: 73

## 193c

A Grela, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Esta noite fun ó muíño  
nunc'ò muíño fora  
a cadela de Xenrizo  
comeum'a fariña toda

Ordes X, 1, 131. Esclavidud 80  
m: 45

## 194

Golmar, *Roade, Sobrado dos Monxes*  
Xaneiro 1980

Fun unha noite ó muíño  
por ve-la fariña branca  
o que gastei de zapatos  
tamén o aforrei de mantas

Sobrado II, 1, 340. Felisa 55  
m: 104t

## 195

Xurbal, *Negradas, Vicedo*  
Abril 1979

Fun ó muíño de baixo  
din volta por Nicolasa  
entre voltas e revoltas  
caieu a troita na nasa

## 196a

Fun ó muíño de baixo  
din volta polo de riba  
o de riba tén cerrojo  
o debaixo carabixas

Viveiro V, 1, 315. Manolo 65  
(cf. m: 49)

## 196b

Esgueba, *Roade, Sobrado dos Monxes*  
Xaneiro 1980

Fun ó muíño de baixo  
dei a volta pró de riba  
o de baixo tén ferrollo  
o de riba carábilla

Sobrado II, 1, 125. María 77  
m: 55

## 197

*Chaguazoso, A Mezquita*  
Febreiro 1981

I eu fun ó muíño de baixo  
ie volvín polo de riba  
i o de baixo está pechado  
i o de riba non s'abría

A Mezquita II, 1, 327. Zanajoria 70  
m: 104c

## 198

*Meira*  
Xaneiro 1980

Farruco foi ó muíño  
e caeu da ponte embaixo  
collédell'as zocas nenas  
que van polo río abaixo

Meira IV, 1, 125. Marina 64

## 199a

Vilares, *Piquín, Ribeira de Piquín*  
Decembro 1979

Unha noite no muíño  
unha noite non é nada  
unha semaniña enteira  
esa si qu'é muiñada

A Fonsagrada I, 2, 141. Florencio 65  
m: 47

## 199b

Soutelo, *S. Xorxe, Ribeira de Piquín*  
Agosto 1980

Unha noite no muíño  
unha noite non é nada  
unha semaniña enteira  
esa si que é muiñada

Meira VII, 1, 177. Elena 72  
m: 151

## 199c

*Barrantes, Ribadumia*  
Novembro 1979

Unha noite no muíño *kikiriki*  
unha noite non é nada *cacaracá*  
unha semaniñ' enteira *kikiriki*  
esa si qu'é muiñada *cacaracá*

Rías Baixas I, 1, 522. Tita 52  
m: 154b

## 199d

Serra de Outes  
Xaneiro 1979

Unha noite no muíño  
unha noite non é nada  
unha semaniñ'enteira  
esa sí qu'é muiñada

Outes I, 1, 610. Adelino 62  
m: 104h

## 199e

Golmar, *Road*, Sobrado dos Monxes  
Xaneiro 1980

Unha noite no muíño  
unha noite non é nada  
/: unha somaniñ'enteira  
esa si qu'é muiñada :/

Sobrado II, 1, 324. Felisa 55  
m: 104t

## 199f

Vilar, Carnota  
Xaneiro 1981

/: Unha noite no muíño :/  
unha somaniña enteira  
esa si qu'é muiñada

Outes IX, 1, 353. María 91  
m: 104n

## 200a

Boado, Mesía  
Decembro 1979

/: O muíño da Baldoña  
bota silvas darredor :/  
as mozas que van alí  
todas perden a color

Ordes IV, 1, 146. Antonio 71  
(cf. m: 36b)

## 200b

Fontenlo, *Codeseda*, A Estrada  
Febreiro 1981

O muíño do Cãrballo  
tén as silvas darredor  
as nenas que van a iel  
todas perden a color

A Estrada VI, 1, 407. Manuel 91

## 201a

Sordos, Bande  
Xaneiro 1981

E s'o figheche foi no muíño  
e s'o figheche fighéche-lo *benhe*  
e s'o figheche foi no muíño  
era de noite e non vía ninguén

Bande III, 2, 455. Guillermina 72  
m: 170

## 201b

Fornelos, O Bolo  
Febreiro 1981

E se mo diche foi no moíño  
e se mo diche ficéchelo ben  
e se mo diche foi no moíño  
era de noit' e non vía ninguén

Viana VIII, 1, 351  
m: adaptación 170

## 202

Vilar, *San Mamede*, Carnota  
Xaneiro 1981

E se llo deches  
foi no muíño  
e foi ó son  
do tarabeliño  
e se llo deches  
fixeches ben  
porque no teu  
non manda ninguén

Outes VI, 1, 372. Victorina 56  
m: 127a

## 203a

A Picota, Mazaricos  
Maio 1979

Á tunante dónde vése  
de o muíño da Ferverza  
ca chaqueta de rivése

Mazaricos, V, 1, 10. María 52  
m: 102

## 203b

A Picota, Mazaricos  
Maio 1979

/: Á tunante dónde vé :/  
do muíño da Ferverza  
ca chaqueta de revés

Mazaricos III, 2, 505. Antonio 49  
m: 76

## 204

Boel, Serra de Outes  
Xaneiro 1979

No muíño do Rei Pais  
comín castañas asadas  
aínda hei de comer máis  
comín castañas asadas  
no muíño do Rei Pais

Outes I, 1, 485. Manuel 82  
m: 108

## 205

Vilariño, *Road*, Sobrado dos Monxes  
Xaneiro 1980

Arreeinll'a cabra parda  
ie ma-lo meu cabritiño  
cost'arrib'e cost'abaixo  
e leveinos ó moíño

206

O moíño a moere  
i os ratiños a comere  
i agarrei un polo rabo  
ie mandeino àquel cabo  
gharrei un polas orellas  
e tireiche tres pendellas  
gharrei un polo fociño  
partínllo pé ió moíño  
gharrei un polos collóse  
e tirei tres pontellóse

Sobrado V, 2, 424. Jesús 57  
m: 64

207

Pedrafigueira, *Sta. Columba, Carnota*  
Xaneiro 1981

/: Moíneira da ribeira  
moíneira ribeirana :/  
/: moíneira da ribeira  
cántocha de mala gana :/  
ai la...

Outes VII, 1, 306. Benita 71  
m: 79a

208a

*O Pindo, Carnota*  
Febreiro 1980

Fun ó muíño con ela  
fun ó muíño con Paula  
fun ó muíño con ela  
e dormín no braso dela

Outes VI, 1, 278. Mamá veliña 84  
m: 104v

208b

Castrelo, *Moraime, Muxía*  
Maio 1979

Fun ó muíño con Paula  
fun ó muíño con ela  
fun ó muíño con Paula  
fun en paz e vin en guerra

Muxía I, 1, 440. Nemián 73  
m: 119

208c

Añobres, *Moraime, Muxía*  
Maio 1979

Fun ó muíño con Paulã  
fun ó muíño con elã  
fun ó muíño con Paulã  
/: fun en paz e vin en gherrã :/  
ai la...

Muxía I, 2, 335. Delfina 48, Elisa 52  
m: 36c

208d

Ragielle, *Olveira, Dumbria*  
Decembro 1980

Fun ó muíño con Paula  
fun ó muíño con elã  
fun ó muíño con Paula  
fun en pas e vin en guerra

Mazaricos VIII, 1, 333. Estrela 64  
m: 103b<sup>2</sup>

209a

Vilares, *Piquín, Ribeira de Piquín*  
Decembro 1979

Miña nai non quere  
qu'eu vaia ó muíño  
porqu'o muíneiro  
rebrinca conmigo  
rebrinca rebrinca  
volv'a rebrincar  
unha saia nova  
me quixo raxar

A Fonsagrada I, 2, 148. Florencio 65  
m: 66a

209b

*Maroxo, Arzúa*  
Maio 1979

No quiere mi madre  
que vaya al molino  
porque el molinero  
me rompe el vestido  
porque el molinero  
me rompe la saya  
no quiere mi madre  
que al molino vaya

Arzúa I, 1, 323. Suso 72 e Salomé 74  
m: 95b

210

Escourido, *Covás, Viveiro*  
Xuño 1981

Esta noite fun á rolda  
e rolei sete moíños  
e enghanei sete rapazas  
e encarghei sete meniños

Viveiro IV, 2, 228. Asunción 84  
m: 115a

211

*Serra de Outes*  
Xaneiro 1979

Esta noite no muíño  
ha d'haber o qu'ha de haber  
/: as pe/d/ras do tremiñado  
han dir ó río a beber :/

206. pé (do muíño) 'moa de baixo'.

212

Unha noite no muíño  
outra na pe/d/ra do lar  
/: esta vida queridiña  
eu non a podo levar :/

Outes I, 1, 620. Adelino 62  
m: 104h

213

A Grela, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Esta noite no muíño  
ha d'haber apartamento  
os casados para fóra  
os solteiros para dentro

Ordes IX,1,133. Esclavitud 80  
m: 45

214

*Maroxo, Arzúa*  
Maio 1979

Anduvéchest'alabando  
polos muíños moendo  
que había casar contigho  
eso si en t'eu querendo

Arzúa I,1,152. Salomé 74  
m: 66 b

215a

*Bazar, Santa Comba*  
Febreiro 1980

O muíño n-é muíño  
qu'é a capilla dos ratos  
a donde se van a dare  
os bicos e os abrazos

Santa Comba I,2,190. Pastor 58  
(cf. m: 31)

215b

A Paínza, *Numide, Tordoia*  
Decembro 1979

Este muíño non é muíño  
que é a capilla dos ratos  
donde se dan moitos bicos  
a mailos moitos abrazos

Ordes II,2,117. Jesusa 48  
m: 73

216

Vilar, *Carnota*  
Xaneiro 1981

/: Viu ó muíño do vento :/  
viu a Pepa e mais Xan  
e mais Frores qu'está dentro

Outes IX,1,453. María 91  
m: 104 n

217a

Rabadeira, *Seabía, Coristanco*  
Marzo 1980

Unha noite me colleron  
nunha fiada de lá  
unha noite me colleron  
outra non me collerán~~he~~

Santa Comba II,1,250. Guillermo 40  
m: 104 ll

217b

O Arroio, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Unha noite me colleron  
nunha fiada de lan  
/: unha noite me colleron  
outra non me collerán :/

Ordes IX,1,327. Carmelita 52  
m: 104g'

217c

*Boado, Mesía*  
Decembro 1979

Unha noite me colleron  
nunha fiada de lan  
unha noite me colleron  
outra non me collerán

Ordes IV,2,168. Antonio 71  
m: 104q

217d

O Arroio, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Unha noite me colleron  
nunha fiada de lan~~he~~  
unha noite me colleron  
outra non me collerán~~he~~  
ai la le la...

Ordes VII,1,34. María 48  
m: 72e

217e

Leduzo, *Pazos, Ponteceso*  
Marzo 1980

Unha noite me colleche\*  
nunha fiadada de lan  
unha noite me colleche  
outra non me collerán~~he~~  
\*colleron

Ponteceso VI,1,310. Generosa  
m: 104gg

217f

*Tallo, Ponteceso*  
Marzo 1980

Unha noite me colleron  
outra non me colleran~~he~~  
unha noite me colleron  
unha fiada de lan~~he~~

Ponteceso VI,1,339. Calviño 45  
m: 104gg

217g

A Picota, Mazaricos  
Xaneiro 1979

/: Nunha fiada de lan :/  
unha noite me colleron  
outra non me collerán  
ai la...

Outes I,1,700. Manolo 50  
m: 101a

217h

Carnota  
Xaneiro 1981

Nunha fiada de liño  
noutra fiada de lan  
unha noite me colleron  
outra non me collerán

Outes IX,1,166. María 58

217i

Xurbal, Negradas, Vicedo  
Abril 1979

Unha noite me colleron  
no muíño do Batán  
/: unha noite me colleron  
outra non me collerán :/

Viveiro V,1,496. Manolo 65  
m: 49

218

S. Ourense, Serra de Outes  
Xaneiro 1979

/: Con fusos e masarocas :/  
bótam'esos porcós fóra  
que me bulan as balocas

Outes II,2,535. M.ª Mercedes 90  
m: 72 a

219

Leirado, Salvaterra  
Novembro 1980

As mozas deste serán  
todas son palomas brancas  
o ghalán que baile con elas\*  
non pode vir en tamancas  
\*as paseie

220

Ai este serán é de ghuapos  
ai non entra rapazaría  
ai entr'ò zapato picano  
ai xente de ghrande valía

Baixo Miño II,1,22. Pilar 70  
m: 112

221

Meder, Salvaterra  
Novembro 1980

Io que non canta nin báila  
qué vén facer ó serán  
vén oír catro mentiras  
para ir contar mañán

Baixo Miño III,2,107. Laura 59

222

Rosende, Tameiga, Mos  
Xaneiro 1981

Si fora o rato ratiño  
andaría polo chan  
a rouba-las mazarocas  
das mociñas do serán

Rías Baixas V,1,307. Avelina 85  
m: 115c

223

Leirado, Salvaterra  
Novembro 1980

/: As mozas dese serán  
non é unha que son todas :/  
ghastan tres pares de medias  
pra face-las pernas ghordas

Baixo Miño I,2,320. Pilar 70  
m: 96b*Estollada*

224

Nogueirosa, Pontedeume  
Decembro 1980

Acabárons'as vendimias  
e veñen as esfolgadas  
para comer coas nenas  
catro castañas asadas

Pontedeume I,1,138. Dorinda 85  
65a²

225a

Leirado, Salvaterra  
Novembro 1980

As esfolgadas de noite  
non dan ghanancia a ninguén  
mandei a muller a unha  
i esfolároma tamén  
ai le lo...

Baixo Miño I,2,436. Pilar 70  
m: 96

225b

Carrasqueira de Taboexa, As Neves  
Novembro 1980

As esfolgadas de noite  
non dan porveit' a ninguén  
mandei a muller a unha  
e esfoláronma tamén

Baixo Miño I,1,261. Yolinda 80

218 bulan 'fozan': balocas 'patacas'.

219 a). tamancas 'zoco con sola de madeira e empeña de coiro'.  
b). zapato picano. Ignoramos cómo é este zapato; en castelán hai a palabra *picaño*, que é sen dúbida da mesma orixe, e significa 'remiendo que se echa al zapato'; pero aquí non se trata dun zapato remendado, senón dun zapato fino (tal vez o que está feito de varias pezas).

225c

Xurbal, *Negradas*, Vicedo  
Abril 1979

As esfoladas de noite  
non dan produto a ninghén  
mandei a muller a ela  
e esfoláronma tamén

Viveiro III,2,200. Antonia 60  
(cf. m: 80b)

225d

Brea, *Capela*  
Decembro 1980

As esfoladas do maíno  
non dan proveito a ninghién  
leveí a muller a elas  
esfoláronma tamén

Pontedeume I, 1, 112. Florentino 60

226

Veiga, *Taboada*, Pontedeume  
Decembro 1980

Esfollémo-lo maíno  
e deixémonos de contos  
aí vén a señora íama  
cun paxo e medio de zonchos

Pontedeume I, 1, 450. Valeriano 75

*Castañas*

227

Vilachán, *Tomño*  
Setembro 1975

Heite de da-las castañas  
se árde-lo castiñeiro  
/: meniña s'has de ser miña  
dam'un beixiño primeiro :/  
ai la...

ILGA III, 1, 485. Unha veciña  
m: 66 d

228

O Arroio, *Parada*, Ordes  
Outubro 1980

A castaña no orizo  
quixo rir e rabeou  
caeu do castaño abaixo  
mira que pago levou

Ordes IX, 1, 411. Carmelita 52  
m: 104g<sup>7</sup>

229

S. *Martín de Suarna*, A Fonsagrada  
Maio 1980

Namoreime da castaña  
namoreime do ourizo  
namoreime de ti nena  
porque té-lo pelo rizo

226. paxo 'cesto'; zonchos 'castañas curadas'.

230

Venga vino venga vino  
que eu auga non sei beber  
teño esta condición mala  
e con ela hei de morrer

A Fonsagrada III,1,325. Benjamín 66  
m: 156

231 a

O Arroio, *Parada*, Ordes  
Outubro 1980

A castaña sabe ben  
o viño vaise bebendo  
o cariño vai entrando  
a honra vaise perdendo

Ordes IX,1,410. Carmelita 52  
m: 111 d

231 b

Vilares, *Piquín*, Ribeira de Piquín  
Decembro 1979

As castañas ben se comen  
i o viño vaise bebendo  
o cariño vai entrando  
a honra vaise perdendo

A Fonsagrada I,2,401. Florencio 65  
IV 159a<sup>1</sup>  
(cf. m: 3)

231 c

*Bazar*, Santa Comba  
Febreiro 1980

/: O viño vaise bebendo :/  
o cariño vai entrando  
a honra vaise perdendo

Santa Comba I, 1, 330. Pastor 57  
m: 104 aa*Labranza*

232

*Santaia de Moar*, Frades  
Outubro 1980

Par'a sumana que vén  
hei d'ara-la miña roza  
regh'abaixo regh'arriba  
ca miña vaquiña roxa

Ordes VII, 2, 341. Ricardo 52  
m: 104 jj

233

Esgueba, *Roade*, Sobrado dos Monxes  
Xaneiro 1980.

Iarriba boiciño arriba  
arriba co teu arado  
/: nena s'estás nemorada  
non che trai bon resultado :/

Sobrado I, 1, 27. Manuel 86  
m: 35

## 234

A Casiña, *Arcos de Furcos, Cuntis*  
Marzo 1979

Son filla dun labradore  
sei poñe-los bois ó carro  
se non lle topo a chavella  
poñereill'a do arado

A Estrada II, 2, 457. Pura 40  
(cf. m: 72g)

## 235 a

Vilariño, *Roadé, Sobrado dos Monxes*  
Xaneiro 1980

Neniña se vas arare  
prestareich'o meu arado  
tén pescuños e penedos  
ta moi ben arrehelado

Sobrado III, 2, 241. Estrela 43  
m: 7

## 235 b

Porto do Asno, *Roadé, Sobrado dos Monxes*  
Xaneiro 1980

Rapaza se vas arare  
prestareich'o meu arado  
tén pescuños e peneiros  
'stá moi bien arreglado

Sobrado IV, 2, 274. Mili 58  
m: III,94

## 236

Neaño, *Cesullas, Cabana*  
Febreiro 1980

Sei arar cun bo arado  
poñer direit' á rabela  
atrás Roxa máis un pouco  
bäixät'ó regho Marela

Ponteceso I, 1, 406. Eduardo 70

## 237

O Arroio, *Parada, Ordes*  
Outubro 1980

Nunca vin lebres ó xugo  
nin conexas ó arado  
as mulleres entr'os homes  
éche ghando mal ghardado

Ordes IX, 1, 225. Carmelita 52  
m: 104g

## 238a

*Celavente, O Bolo*  
Febreiro 1981

- 1) Márchate de casa Xuan  
coll'os bois e vai't'á arada  
trailara laila laila laila  
trailara laila laila la

- 2) eu collín os meus boiciños  
e marcheime á arada  
trailara...
- 3) no medio do camiño  
olvidóusem'a aguillada  
trailara...
- 4) cuando me cheguein á casa  
estábam'a porta pechada  
trailara...
- 5) ábrem'a porta muller  
que veño pola aguillada  
trailara...
- 6) cuando me entrein en casa  
estábam'a mesa moi preparada
- 7) púxenm'a comer na mesa  
como se non fora nada  
trailara...  
(qué é aquilo que está debaixo da cama)
- 8) é o gato do taberneiro  
que vén pr'õnd'a nosa gata  
trailara raila...
- 9) traim'a'scopeta muller  
e traíma ben preparada  
que vou matar este gato  
que está debaixo da cama
- 10) non o mates tu meu home  
que é moi bon prá nosa casa  
a ti dáche pantalóis  
i a min levántam'a saia  
i òs nenos dáballes perras  
pra que non dixesen nada

Viana Y, 1, 434. Luciana 74  
m: 38a<sup>1</sup>

## 238b

Xurbal, *Negradas, Vicedo*  
Abril 1979

- 1) Eu xunguín o meu boi louro  
fillo da vaca bragada  
*co meu chingui lingui lin*  
*co meu chinguilin andaba*
- 2) cheguei a medio camiño  
esquencume da aguillada  
{ ábrem'as portas muller  
{ veño en busca d'aguillada  
{ *co meu chingui lingui lin*  
{ *co meu chinguilin andaba*
- 3) dime que é aquela cousa  
que está debaixo da cama  
{ é o gato do convento  
{ que anda ca nosa ghata  
{ *co meu chingui lingui lin*  
{ *co meu chinguilin andaba*

235a, 235b. **pescuños** 'cuñas que aseguran o temón do arado á teiroa e á rabela'; **penedos** (tamén **peneiros**) 'pasadores que aguantan das orellas ou abeacas no dente do arado'; **arreg(he)lado** 'regulado.

238b, 1. **bragada** (vacca) 'que ten pelaxe branca entreas patas de atrás, en contraste coa cor do resto do corpo' (Cf. tamén 306bis no Apéndice); **chinguilin** 'menstruación' (a muller trata de escorrenta-lo marido outra vez para arada coa desculpa de que anda co *chingulin*).

4) dáme d'alí a'scopeta  
 { que eu un tiro lle tiraba  
 { tu qué vas facer meu home  
 que vas a queima-la cama  
 { si a queimo que a queime  
 { si a queimo vai queimada  
 { *co meu chingui lingui lin*  
 { *co meu chinguilín andaba*

5) tu comías o bon pan  
 do convento vén a grana  
 { tu cálza-la buena media  
 { do convento vén a lana  
 { tu vistes la buena ropa  
 { do convento d'Entreporta  
 { *co meu chingui lingui lin*  
 { *co meu chinguilin andaba*

6) quén te me dera muller  
 no medio d'aquel'arada  
 { con sete carros de toxos  
 { e ioutros tantos de palla  
 { *ie* tu metida no medio  
 { e eu o lume che plantaba

7) quen che me dera meu home  
 deitado na miña cama  
 { con sete creghos á porta  
 { decindo que salla salla  
 { i eu fiando nunha roca  
 { chorando de mala gana  
 { pra que viran os veciños  
 { aí vai a viúda honrada

Viveiro V, I, 646. Manolo 60  
 m: 49

### 238c

Arzádegos, Vilardevós  
 Marzo 1981

1) Eu xunguín os meus boiciños  
*oh miña vida*  
 /: e funme coeles á arada  
*vida del alma* :/

2) e no medio do camiño  
*ou miña vida*  
 /: olvidousem'a aghillada  
*vida del alma* :/

3) deille volt'òs meus boiciños  
*oh miña vida*  
 /: e volvín por ela á casa  
*vida del alma* :/

4) i ó chegar ó pé da porta  
*oh miña vida*  
 /: estábam'a porta pechada  
*vida del alma* :/

5) ábrem'a porta muller  
*oh miña vida*  
 /: que volvín pola aguillada  
*vida del alma* :/

6) eu a porta non cha iabro  
*oh miña vida*  
 /: qu'estou faendo a colada  
*vida del alma* :/

7) i eu entrei e fun entrando  
*ou miña vida*  
 /: senteime ond'acostumbraba  
*vida del alma* :/

8) como tiñ'òs óllor ghrandes  
*oh miña vida*  
 /: tod'ã casa columbiaba  
*vida del alma* :/

9) qué *ie* aquilo muller  
*oh miña vida*  
 /: qu'anda debaixo da cama  
*vida del alma* :/

10) é o gható do convento  
*oh miña vida*  
 que anda trar da nosa ghata  
*vida del alma*

11) trai acá aquela'spingarda  
*oh miña vida*  
 que ll'hei dar unha chumbada  
*vida del alma*

12) non fagas iso meu home  
*oh miña vida*  
 /: que var derramar a cama  
*vida del alma* :/

13) quén te dera oh meu home  
*oh miña vida*  
 arriba naquela sala  
*vida del alma*

14) cos pèciños amarelos  
*oh miña vida*  
 i a cariña amortaxada  
*vida del alma*

15) *ieu* vestidiña de luto  
*oh miña vida*  
 chorando de mala ghana  
*vida del alma*

16) pra que dighan as veciñas  
*oh miña vida*  
 /: cómo chor'ela cuitada  
*vida del alma* :/

Vilardevós I,1,135. Felisa 45, Concha 48  
 m: 30

### 238d

Sampaio, Piñeiro, Maside  
 Outubro 1979

1) Eu xunguín os meus boiciños  
 e leveinos á iarada  
 e no medio do camiño  
 se me olvidou a aguillada

5. **grana** 'gra, gran'.

7. **salla salla**. Quizais é unha imitación sen significado dalgunha palabra que figuraba no oficio de defuntos latino.

238c,8. **columbiaba** 'divisaba' (cast. *columbraba*).

- 2) dinll'atrás e fun por ela  
topei a porta pechada  
i ábrem'a porta María  
i ábrem'a porta malvada
- 3) cómo ch'hei d'abri-la porta  
s'estou faguendo a colada  
ia colada que tu fas  
iéche remexe-la cama
- 4) de quén son aquiles ollos  
qu'están debaixo da cama  
son do ghato do convento  
que vén pretende-la gata
- 5) dáme a escopeta\* María  
dáme a escopeta malvada  
dáme a escopeta María  
que lle vou tirar unha bala
- 6) i o luto qu'hei de poñer  
unha baiet'èncarnada  
para que diga la guente  
qué veúda máis honrada
- \*pron.: [dám'èskopéta]

Carballiño II,1,235. Benito 58  
m: 66e

## 238e

Vilares, *Piquín*, *Ribeira de Piquín*  
Decembro 1979

- 1) Iera unha noite de lúa  
i unha noite de xeadá  
levanteime cos boiciños  
e marcheime prá arada
- 2) e no medio do camiño  
esquencéusem'a aguillada  
volvín á casa chamando  
á miña muller honrada
- 3) ábreme a porta muller  
ábrema que m'esquencéu a aguillada  
*con el chingo lingo lingo*  
*con el chingo lingo andaba*
- 4) qué ruído parecía  
< ái > ó lado da nosa cama  
{ o gato homiño o gato  
qu'iba vela-la ratada  
{ *con el chingo lingo lingo*  
{ *con el chingo lingo andaba*
- 5) nunca vin gato con cuello  
nin con corona rapada  
{ e collín os meus boiciños  
{ e marcheime prá arada  
{ *con el chingo lingo lingo*  
{ *con el chingo lingo andaba*

Fonsagrada I,2,467. Florencio 64  
m: 44d

## 238f

Teixedo, *Pereda*, *Candín*  
Xuño 1980

- 1) Ūa mañá levanteime  
ūa mañá de xeadá  
*si ai non miña vida*  
*vida del alma*

collín os bois e as vacas  
e marcheim pá labrada  
ia no medio do camiño  
acordeime da aghillada

- 2) ábrem'a porta muller  
que volvo por la aguillada  
íeu a porta ñ ch'abro  
que che tou moi acupada  
*vida del alma*
- 3) eu por fin subín de gatas  
e entrein pola ventana  
vin a mesa preparada  
púxem'a comere nella  
como se non fora nada
- 4) qué é aquilo que reluce  
debaixo da nosa cama  
é o gato do señor cura  
que vén pola nosa gata
- 5) traim'a 'scopeta muller  
e traima ben preparada  
por Dios cho pido marido  
ñ mate-lo cura 'n casa  
dá cuartos a nosos fillos  
i a min levántam'a saia

- 1) ūa mañá levanteime  
*ai si ai non miña vida*  
*vida del alma*  
collín os bois e as vacas  
*ai si ai non miña vida*  
e marcheim pá labrada  
*vida del alma*

Ancares II,1,282. José 57  
m: 86b

## 238g

*Portocamba*, *Castrelo do Val*  
Marzo 1981

- 1) Io lunes por a mañá  
xungo or bois e vou á arada  
*i o turululú i o turululú*  
*i o turululú i o turululaina*
- 2) e no medio do camiño  
olvidousem'a aguillada  
*i o turululú i o turululú*  
*i o turululú i o turululaina*
- 3) dad'a volta meus boiciños  
que volvo por a aguillada  
*i o turululú i o turululú*  
*i o turululú i o turululaina*

Campoñeceros II,2,312. Un veciño  
m: 38a<sup>2</sup>

## 239

*Baiñas*, *Vimianzo*  
Novembro 1980

O que descurre Aváristo  
inda n-o descurre'o demo  
fix'un arado dun pau  
con abeacas de ferro

e coa roda dun coche  
e uns tirantes de plástico  
e unhos corres de vimbio  
fiso sestoh práh patacas  
qu'indä non deitän o millo

Hermelindä ta contentä  
qu'Avärist'é mui aghudo  
porqu'ast'é unha riqueza  
qu'eu non presise molido  
pra estes sestoh na cabeza

Mazaricos VII,2,108. Francisco 81  
falado

240a

*Carnés, Vimianzo*  
Xaneiro 1979

Si queredes sachos  
levámo-los nós  
arados de ferro  
e carros con bois  
e carros con bois  
e carros con bois  
si queredes sachos  
levámo-los nós

Camariñas I,2,698. Un veciño  
m: 103c<sup>4</sup>

240b

*Calobre, A Estrada*  
Marzo 1979

Se non tendes sacho  
traémolo nós  
arado de ferro  
e carro con bois  
e carro con bois  
e carro con bois  
se non tendes sacho  
traémolo nós

A Estrada I,1,103. Carme 72  
m: 103c<sup>3</sup>

241

*Outeiro, A Veiga, Celanova*  
Marzo 1981

Iste tono veu da Limia  
iste tono é limiau  
iste tono veu da Limia  
que o trouxo meu irmau

Bande VII,1,17. Unha veciña  
m: 10d

242a

Queis, *Santa Cruz de Montaos, Ordes*  
Decembro 1979

Teño d'ir e vir a Calo  
na reculleita do millo  
teño d'ir e vir a Calo  
de Calo no me despido

Ordes I,1,460. Concepción 52  
m: 58b

242b

*Vilar, Carnota*  
Xaneiro 1981

/No me marcho de Vilar/  
de Vilar no me despido  
he de volver a Vilar  
pola colleita do millo

Outes IX,1,277. María 91  
m: 104n

243

*A Picota, Mazaricos*  
Maio 1979

Fostes sachar a Sarráns  
á casa do meu vesião  
douch'a grasiña pró caldo  
a mais tres cuncas de millo

Mazaricos III,2,263. José 74  
m: 104dd

244

*Leirado, Salvaterra*  
Novembro 1980

A pulgha a mailo piollo  
andan no campo a sachar  
voleí vai a carrapata  
derreado co xantar

Baixo Miño I,2,445. Pilar 70  
m: 96b

245

*Vila do Monte, Roade, Sobrado dos Monxes*  
Xaneiro 1980

/: O vello perdeu a vella  
entre la folla do millo :/  
o vello chora que se mata  
polo seu agharimiño

Sobrado II,2,573. Antonio 71  
m: 105  
(cf. l. 11)

246a

*Meder, Salvaterra*  
Novembro 1980

Sachadoras do meu millo  
sachaim'o meu millo ben  
/: non miredes pró camiño :/  
qu'a merenda volaí vén

Baixo Miño III,2,132. Laura 59  
cf. l. Ap. 68 bis

246b

*Leirado, Salvaterra*  
Novembro 1980

Sachadeiras do meu millo  
sachaim'o meu millo ben  
non miredes par'à porteira  
qu'a merenda velaí vén

Baixo Miño I,2,452. Pilar 70  
m: 96b

239. corres 'vergas retorcidas': non deitan o millo 'non coan o millo' (de tan ben tecidos que están).

244. carrapato. Cast. *ladilla*.

246c

*Carrasqueira de Taboexa, As Neves*  
Novembro 1980

Sachadoras do meu millo  
sachaim'o meu millo ben  
non miredes prá porteira  
qu'a merenda logho vén

Baixo Miño I,1,411. Yolinda 80

246d

Vilanova, *Tortoreos, As Neves*  
Novembro 1980

Sachadeiras do meu millo  
sachaim'ese millo ben  
non miredes prá porteira  
a merenda volaí vén

Baixo Miño I,1,109. Generosa 80  
m: 120

247a

Vilariño, *Roade, Sobrado dos Monxes*  
Xaneiro 1980

E qué fas Maruxiña  
e qué fas polo vrau  
eu sachando no mill'  
e ti coa ghaita na mau

Sobrado VI,1,73. Jesús 57  
m: 104ee

247b

Tolda, *Aguada, Carballedo*  
Marzo 1981

Dónde vér gaiteriño  
dónde vés de verau  
todos na sacha do millo  
e tu coa ghaita na mau

Chantada V,1,320. Galleiro 72  
m: 134

248

Vilar, *Carnota*  
Xaneiro 1981

Estreliña meu contento  
na horta da miña Estrela  
hei de pranta-la pimenta

Outes IX,1,439. María 91  
m: 104n

249

*Boado, Mesía*  
Decembro 1979

- 1) Eu vou ve-la miña fraga  
s'está verde ou ben plantada
- 2) s'está verde reghareina  
s'está seca cortareina
- 3) andábach'o demo nela  
cortando cunha machada
- 4) nas casas dos pobres reñen  
e teñen moita razón

- 5) as mulleres pola saia  
e os homes polo calzón

Ordes IV,2,332. Antonio 71  
m: 36b

250

*Bazar, Santa Comba*  
Febreiro 1980

Si quieres plantar salgueiros  
vainos plantar a Silván  
que na terra de Enxirís  
os salgueiros non se danhe

Santa Comba I,1,339. Pastor 58  
m: 104aa

251a

Castrelo, *Colúns, Mazaricos*  
Abril 1979

/: Repoliño repolado :/  
/: quén che me dera repolo  
na miña ihorta plantado :/

Mazaricos IV,1,429. Dosinda 48  
m: 58c

251b

*Maroxo, Arzúa*  
Maio 1979

Repuliño repulaino  
/: quén te me dera repolo :/  
na miña quinta plantado

Arzúa I,1,388. Antonia 49  
m: 83

252

Bendimón, *Roo, Serra de Outes*  
Febreiro 1980

Sementei gharabansos  
na pedriña do lar  
e con tanto rescaldo  
non se poderon dar  
non se poderon dar  
non se poderon dar  
sementei gharabansos  
na pedriña do lar

Outes IV,1,190. Boudaña 50, Pituca 30  
m: 128b

253

*Agar, A Estrada*  
Marzo 1979

A miña nai non me quere  
porque non vou aseada  
se non fagho a sementeira  
non recollería nada

A Estrada IV,1,238. Rafael 62  
m: 61

254

Baiñas, Vimianzo  
Decembro 1980

Vamos d'aquí ä Baiñas  
qu'aló é terra de Dios  
sementan o trigh' atrás  
cóllo a canda vós

Mazaricos VII,2,81. Francisco 81  
m: adáptase 104g

255

Pastoriza  
Xaneiro 1980

Voume por aquí abaixo  
collendo toxos e xestas  
inda naide m'atestou  
nin tampouco tu m'atestas

Meira IV,2,34. Filomena 79  
(cf. m: 104r)

256a

Arou, Xaviña, Camariñas  
Xaneiro 1979

Quédate con Dios Laxiña  
mala centella te coma  
/: que de todã la cosecha  
no llevo una perra sobra :/

Camariñas I,1,98. Un vecino  
m: 81a

256b

Arou, Xaviña, Camariñas  
Xaneiro 1979

Quédate con Dios Suisa  
mala centella te coma  
que de todã la cosecha  
pocas perras llevo sobras

Camariñas I,1,7. Un veciño  
m: 104f

257a

Santaia de Moar, Frades  
Outubro 1980

Dónde vés María  
veño da verdura  
aí qué ricas coles  
tén o señor cura  
dónde vés María  
veño de lavar  
de lava-la roupa  
do meu militar

Ordes VIII,1,50. Ricardo 52  
m: 103c<sup>1</sup>  
(l: cf. 67a)

258

Sofán, Lira, Carnota  
Xuño 1981

Vamos á iherba meniña  
vamos á iherba antre pan  
ti levará-las fousiñas  
e ieu a sesta na man

Outes XI,1. Manuela 87  
m: 71

259

Tolda, Aguada, Carballedo  
Marzo 1981

/: Arredor do río arriba  
sentín cantar unha merla :/  
/: er'ò fillo da Cachorra  
qu'anda collendo na iherba :/

Chantada V,2,125. Sarita 67  
m: 99

260

Tolda, Aguada, Carballedo  
Marzo 1981

/: Arredor do río arriba  
sentín cantar i escoitei :/  
i er'ò fillo da Chichona  
qu'anda collendo na iherba  
ai le la le la le la...

Chantada V,1,453. Sarita 67  
m: 99

261

Barro, Petelos, Mos  
Xaneiro 1981

Miña nai mandoum'á herba  
iapañar na serradela  
na primeira manadiña  
tomei amores con ela

Rías Baixas V,2,375. José 73  
m: adáptase 72  
(cf. m: 104g<sup>6</sup>)

262

O Arroio, Parada, Ordes  
Outubro 1980

Maruxa si vas á iherba  
déixam'unha prenda túa  
déixam'a túa navalla  
para pica-la verdura

Ordes VII,1,329. María 48  
(cf. m: 72e)

263a

Castrelo, Colúns, Mazaricos  
Abril 1979

S'o río pudera pasar  
s'o río pudera pasar  
/: íbach'axudar á herba  
anque n-a sei apañar :/

Mazaricos IV,1,380. Dosinda 48  
m: 58c

255. atestou 'contestou'.

261. serradela. Planta que ten o borde da folla dentado (*Ornithopus satirus* Brot.).

## 263b

Castrelo, *Colúns, Mazaricos*  
Abril 1979

S'o río pudera pasar  
íbach'axudar ó toxo  
anque n-o sei apañar  
anque n-o sei apañar  
ai la

Mazaricos IV,1,432. Dosinda 48  
m: 68e

## 264

*Carnota*  
Xaneiro 1981

Eu pedinlle leit'á vaca  
a vaca pideume herba  
eu pedinll' herba ó prado  
o prado pideume rega

Outes IX,1,194. María 58

## 265

*Sabrexo, As Cruces*  
Abril 1980

Seghei a herba nun prado  
tamén a seghei na presa  
larghei a túa conversa  
se a larghei non me pesa

## 266

Seghei unha herba na presa  
tamén a seghei no prado  
larghei a túa conversa  
tomei outra de contado

As Cruces I,1,56. Presentación 78  
m: 74a

## 267a

Vilares, *Piquín, Ribeira de Piquín*  
Decembro 1979

- 1) Baselisa en el baile  
dijo en voz alta  
si me gustan los hombres  
es por la gaita  
ahí vienen los segadores  
